



CCOO INDUSTRIA DE GALICIA EXPRESA O SEU PESAR POLO FALECIMENTO DE FÁTIMA TABOADA, SECRETARÍA XERAL DA SECCIÓN SINDICAL DE FÁBRICAS DE INDITEX

Ferrol, 15 de decembro.- CCOO Industria de Galicia quere amosar o seu fondo pesar pola perda dunha compañeira e referente sindical como Fátima Taboada Romero, a fronte da Secretaria Xeral da Sección Sindical das Fábricas de Inditex.

Desde o sindicato, lamentar o seu falecemento e expresar as nosas condolencias a súa familia e amizades nestes días de loito e dor, aos que queremos enviar unha aberta agarimosa e todo o noso apoio.

Fátima foi unha muller combativa e solidaria, comprometida co sindicato e coa clase traballadora. Deixa un baleiro nas nosas vidas pero o seu exemplo pervive e a súa lembranza perdura.

Que a terra te sexa leve, compañeira!!